

Un profesor valgués recupera a historia de Joao de Nova

Santiago Prol publica a vida dun dos grandes descubridores das rutas das Indias ó servizo da coroa portuguesa a comezos do século XVI

F. Iglesias
VILAGARCÍA

■ A coroa portuguesa atraeu a mariños que buscaban descubrir as rutas das Indias. Un deses mariños era galego, das ourensáns terras de Maceda. Esquecido ata hai ben pouco tempo, cando o traballo do profesor valgués Santiago Prol recuperou a súa vida e o calado da súa labor como mariño.


Joao de Nova é o nome deste navegante motivo do libro editado pola Deputación de Ourense. Resulta ser un dos grandes navegantes galegos de todos os tempos e a súa navegación permitiu afianzar unha ruta que ligara Portugal coa India e o oriente.

A caída de Constantinopla pechou a ruta das terrestre da seda e das especias, polo que os mariños tiveron que buscar un itinerario maríti-

mo que circundando África permitise manter o abastecemento das mercadorías importadas. Na búsqueda e afiazamento da ruta participou Joao de Nova.

Comandou a III Expedición á India. Chamábase así, pero en realidade a viaxe procuraba tamén o ouro que Vasco de Gama descubriera en Mozambique, chegar ós reinos asiáticos e topar unha ruta que permitise as embarcacións afrontar con garantías o Cabo das Tormentas, para o que era necesario achegarse máis ás costas do Brasil para logo virar o sentido, esquivando os alisios do Atlántico.

Ligadas a esta expedición aparecen as illas da Ascensión e de Santa Helena, a segunda asociada histórica-mente á figura de Napoleón no seu último confinamento. Din as crónicas que as



MIGUEL VILLALBA

Santiago Prol imparte clases nun centro de Valga

dúas illas foron atopadas polo mariño na viaxe de volta.

A biografía do navegante é recuperada por Santiago Prol de maneira detallada

e concienzuda, desde súas orixes no condado de Maceda ata a incorporación como un dos grandes persoeiros do reino portugués no século XVI.